

Declaración de Innsbruck

No marco da súa XIII asemblea xeral do 18 ao 20 de outubro de 2009 en Innsbruck, as presidentas e os presidentes dos parlamentos rexionais¹ con poder lexislativo na Unión Europea (CALRE),

Parlement de la Région de Bruxelles-Capitale
Parlament der Deutschsprachigen Gemeinschaft Belgiens
Parlement de la Communauté Française de Belgique
Vlaams Parlement
Parlement Wallon
Álands Lagting
Landtag von Baden-Württemberg
Bayerischer Landtag
Landtag Mecklenburg-Vorpommern
Landtag Nordrhein-Westfalen
Landtag Rheinland-Pfalz
Schleswig-Holsteinischer Landtag
Parlamento de Andalucía
Cortes de Aragón
Parlamento de Canarias
Parlamento de Cantabria
Cortes de Castilla-La Mancha
Parlament de Catalunya
Eusko Legebiltzarra – Parlamento Vasco
Asamblea de Extremadura
Asamblea de Madrid
Asamblea Regional de Murcia
Parlamento de Navarra
Parlamento de la Rioja
Corts Valencianes
National Assembly for Wales
Consiglio Regionale dell’Abruzzo
Consiglio della Provincia Autonoma di Bolzano - Südtiroler Landtag
Consiglio Regionale della Emilia Romagna
Consiglio Regionale della Regione Autonoma Friuli Venezia Giulia
Consiglio Regionale della Liguria
Consiglio Regionale della Lombardia
Consiglio Regionale della Sardegna
Consiglio Regionale della Toscana
Consiglio Regionale del Trentino-Alto Adige – Regionalrat der Autonomen Region Trentino-Südtirol
Consiglio della Provincia Autonoma di Trento
Consiglio Regionale del Veneto

¹ Na Declaración de Innsbruck, o termo “rexión” tamén inclúe provincias e outras subdivisións territoriais con poder lexislativo; o termo “parlamentos rexionais” tamén inclúe os parlamentos de provincias e outras subdivisións territoriais con poder lexislativo.

Burgenländischer Landtag
Kärntner Landtag
Niederösterreichischer Landtag
Tiroler Landtag
Vorarlberger Landtag
Wiener Landtag
Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores
Assembleia Legislativa da Região Autónoma da Madeira

adoptaron unanimemente a seguinte resolución:

1. Tratado de reforma

As presidentas e os presidentes esperan que conclúa o proceso de ratificación e que o Tratado de Lisboa entre en vigor o antes posible.

CALRE sostén unha reflexión ampla, aberta e participativa sobre o futuro de Europa como algo necesario.

Para lograr unha maior transparencia, eficiencia e participación, é necesario, sobre todo, o fortalecemento dos dereitos dos parlamentos a nivel rexional, nacional e europeo.

O tratado de reforma contén transcendentais avances para as rexións, especialmente

- o recoñecemento da autonomía rexional e local
- a extensión do principio de subsidiariedade ás autoridades locais e rexionais
- unha maior delimitación das competencias
- un sistema de alerta temperá para o control da subsidiariedade
- o recoñecemento dos parlamentos rexionais con poder lexislativo no protocolo de subsidiariedade e a consulta a través dos parlamentos nacionais segundo a distribución de competencias vixente nos distintos estados membros
- o dereito de acción do Comité das Rexións no caso de violacións contra o principio de subsidiariedade

2. Funcións dos parlamentos rexionais

O proceso de integración europea débese levar a cabo de abaixo cara a arriba.

Mentres que a nivel europeo a influencia dos gobernos dos estados membros é decisiva no proceso de toma de decisións, ata agora os parlamentos rexionais apenas tiveron á súa disposición mecanismos de control efectivos. Isto fai do proceso de toma de decisións na Unión Europea, un proceso que non é transparente para os cidadáns e que, por conseguinte, contribuíu a aumentar a distancia entre os cidadáns e os órganos comunitarios.

Os Parlamentos rexionais son especialmente adecuados para superar a distancia producida entre os cidadáns e a Unión Europea.

Polo tanto, a CALRE convida as institucións europeas a que fagan uso máis intensivo de e amplíen os procedementos permanentes para a participación activa das rexións e provincias europeas con poder lexislativo.

3. Política rexional

A política rexional é un recurso significativo para o fortalecemento da cohesión europea.

Con vistas á importancia da política rexional da UE e especialmente da política de cohesión como elemento chave para o crecemento e o desenvolvemento socioeconómico das rexións europeas debería adoptarse un enfoque especial nas negociacións para o período 2014-2020 dos fondos estruturais para obter un valor engadido para todas as rexións europeas. A elaboración de obxectivos estratéxicos e a subseguinte definición de prioridades de acción ten que levarse a cabo tendo en conta estritamente os principios de participación institucional e de subsidiariedade.

Debido á súa proximidade ao cidadán, os parlamentos rexionais tamén deben asumir o papel de “escolas de democracia e desenvolvemento” e un rol esencial no fomento e a distribución destes valores e principios. Todo iso ha de ocorrer de acordo cos obxectivos do milenio das Nacións Unidas e cos obxectivos de política municipal e rexional do Consello de Europa, especialmente do Congreso de Autoridades Rexionais e Locais do Consello de Europa.

4. Carta da democracia rexional

Europa precisa de estruturas democráticas máis fortes, tamén a nivel rexional e local.

As presidentas e os presidentes pídenlles aos ministros responsables da democracia local e rexional do Consello de Europa que discutan e aproben o borrador para un marco de referencia de democracia rexional do Congreso de Autoridades Rexionais e Locais do Consello de Europa no marco da conferencia do 16/17 de novembro de 2009 que se celebrará en Utrecht.

As presidentas e os presidentes ven isto como un paso máis para alcanzar unha Carta da democracia rexional.

5. Principio de subsidiariedade – Controis e procedementos

O principio de subsidiariedade é un principio de aplicación xeral na distribución de competencias públicas. A UE está obrigada a ter en conta o principio de

subsidiariedade en todos os seus actos xurídicos.

Os parlamentos rexionais con competencias lexislativas débense ao principio de subsidiariedade.

As presidentas e os presidentes celebran o sistema de alerta temperá practicado de feito pola Comisión Europea desde setembro de 2006.

A aplicación efectiva deste sistema require a consolidación do diálogo e a cooperación coa Comisión Europea, así como unha maior coordinación e conformidade cos parlamentos nacionais e europeos.

As presidentas e os presidentes esperan que os parlamentos rexionais con competencia lexislativa sexan incluídos nos procedementos a nivel nacional de cada un dos estados membros, nos asuntos da súa incumbencia, de maneira oportuna e eficaz nos procesos lexislativos europeos. Estes pídenlles aos parlamentos nacionais o desenvolvemento de procedementos de información, consulta e consideración das posicións e participaren no marco de litixios de maneira oportuna e adecuada.

As presidentas e os presidentes pídenlle á Comisión Europea e ao Parlamento Europeo (PE) que teñan en conta as súas posicións de forma adecuada. Cada parlamento nacional ou cámara dun parlamento nacional debería ser capaz de lle transmitir unha posición fundada á comisión parlamentaria competente do PE, tendo en conta o principio de subsidiariedade, e incluír as posicións dos parlamentos rexionais con poder lexislativo afectados.

6. Dereito de acción no TXCE

No futuro, segundo o Tratado de Lisboa, non só se lle debería conceder ao Comité das Rexións (CDR) e á “segunda cámara dos parlamentos nacionais”, senón tamén aos parlamentos rexionais con poder lexislativo o dereito para interpor un recurso xurídico nas áreas das súas responsabilidades perante o Tribunal Europeo de Xustiza.

O dereito de acción do CDR no Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (TXCE) debería estar dotado como dereito dunha minoría de delegados e/ou delegacións nacionais do CDR.

As presidentas e os presidentes pídenlles ao parlamentos nacionais ou, no seu caso, ás segundas cámaras destes, que, con vistas á súa transcendencia territorial, instalen procedementos especiais que lles dean audiencia aos parlamentos rexionais.

Quedan sen prexuízo aquelas normativas nacionais vixentes que sexan máis favorables para as rexións con poder lexislativo.

7. A colaboración co Consello de Europa, RegLeg e o CDR

As presidentas e os presidentes celebran o documento preparado para un acordo de cooperación entre a CALRE, o Congreso de Autoridades Rexionais e Locais do Consello de Europa e a RegLeg e avogan por que o “acordo tripartito” se firme canto antes.

As presidentas e os presidentes avogan polo fortalecemento do papel dos grupos interrexionais das rexións con competencia lexislativa no CDR e o Congreso de Autoridades Rexionais e Locais do Consello de Europa.

As presidentas e os presidentes da CALRE comprométense xunto co Congreso de Autoridades Rexionais e Locais do Consello de Europa e co CDR a desenvolver aínda máis a rexionalización e a democracia en Europa.

8. Colaboración coas institucións europeas

As presidentas e os presidentes piden a apertura das estruturas europeas interparlamentarias tamén para os parlamentos rexionais con poder lexislativo e a súa inclusión na páxina web IPEX.

Especialmente pídennlle ao Parlamento europeo unha colaboración máis estreita coa CALRE. Neste contexto, as presidentas e os presidentes tamén fan fincapé en que os parlamentos rexionais asumen un papel importante como mediadores para lograr un maior achegamento ao cidadán en Europa.

As presidentas e os presidentes fan fincapé en que os parlamentos rexionais poden ampliar e difundir a idea dunha Europa máis próxima ao cidadán xunto cos eurodiputados. Os eventos e as accións conxuntas con e para os cidadáns non só deben chamar a atención de cara ás eleccións, senón formaren parte das tarefas permanentes.

9. Gobernanza multinivel

Europa é unha tarefa común para todos os niveis políticos. Cada nivel pode e debe contribuír para construír unha Europa común.

A gobernanza multinivel significa a ancoraxe e a salvagarda das competencias nos niveis máis apropiados tendo en conta o principio de subsidiariedade.

Aproximadamente dous terzos dos actos xurídicos da UE son implementados polas autoridades locais e rexionais.

O achegamento dos parlamentos rexionais europeos aos cidadáns presenta un valor incalculable. Trátase, sobre todo, da participación democrática dos cidadáns no proceso de unificación europeo.

Por iso, os parlamentos rexionais con capacidade lexislativa piden máis

participación nas decisións e inclusión directa no proceso de integración europeo nos asuntos da súa incumbencia.

10. Perspectiva

As presidentas e os presidentes solicítanlle ao presidente da CALRE que lles envíe esta declaración aos parlamentos nacionais e aos órganos e institucións da Unión Europea, ao Consello de Europa e ao resto de asociacións europeas.